

Eglantyne Jebb: o inicio dun movemento imparable

No século XIX a Europa resultante da Revolución Francesa e as guerras napoleónicas comeza a ter máis en conta os temas sociais e económicos mesturados, a sociedade é máis consciente que para vivir libremente a persoa necesita ter asegurados uns medios de vida e así comezan a ver a luz dunha maneira máis intensa os dereitos económicos, sociais e culturais que se suman ós políticos e civís.

E é neste contexto no que se enmarca a figura de Eglantyne Jebb. Nace o 25 de agosto de 1876, nunha gran casa de campo no condado de Shropshire. Seu pai, formado como home de leis, interésase polos asuntos locais e a súa nai, como calquera muller da súa clase social e a súa época, ocupa parte do seu tempo en actividades filantrópicas relacionadas coa xente da localidade e sobre todo os nenos da contorna, involucrando ós seus fillos nestas actividades.



«Soamente é imposible o que nos negamos a tentar».

A súa educación é esmerada e libre; dominará o francés e o alemán grazas ás institutrices que tivo cando era pequena. Ós 19 anos, estuda Historia en Oxford, onde se gradúa. A súa preocupación pola infancia lévaa a facerse **mestra**, ocupando un posto de mestra axudante nunha escola parroquial. Non se considera unha mestra “nata”, pero fai o seu traballo tan ben como pode, aínda que **lle oprime o sentimento de non poder mellorar o destino dos nenos e nenas** que ten diante, a maior parte fillos de familias moi humildes.

O conflito como detonante

En agosto de 1914 estoupa a Primeira Guerra Mundial. “Os xornais -escribe a súa irmá menor- van cheos de titulares sobre as batallas; pero, cantos, en Inglaterra, saben que está pasando cos nenos?”. Eglantyne Jebb, xunto coa súa irmá, Dorothy, e un grupo de amigos, recollen todas as noticias que caen nas súas mans e *viaxan por toda Inglaterra, queren mover ó goberno a actuar. “Os nenos de Europa necesitan alimentos, médicos, enfermeiros; necesitanos agora mesmo”*.

A pesar de sus ganas, ven que la acción del gobierno es lenta, porque lo que nace su idea: “*es necesario poner en pie una organización para salvar a los niños.*”

«O respecto debido ás persoas, dicía, non tería que depender do traballo que exerzan. Nun sentido social, tan só hai unha clase, a gran clase da humanidade”. Quedan dela frases como esta: “O único idioma internacional é o choro dos nenos».



A fundación de Save the Children

A xente dos países máis afortunados, entón como agora, impresionábase ante o **asasinato dun único neno**, pero permanecía indiferente ás **masas de nenos** subalimentados e pouco privilexiados doutros lugares do mundo.

En abril de **1919** crea **Save the Children Fund**, co obxectivo de reunir fondos para enviar, antes que nada, leite ós nenos de Viena e despois procurar axudas a distintos países. As colectas iniciáronse nun gran mitin no Albert Hall de Londres.

En toda Inglaterra falábase de Save the Children. Houbo que crear una Oficina Central en Londres para **recoller as doazóns e canalizar a axuda**. E entón manifestouse unha das características máis notables da personalidade de Eglantyne Jebb, que desconcertou a moitos e que no momento tampouco foi entendida: **publicáronse anuncios a toda páxina nos xornais de ámbito nacional para dar a coñecer os sufrimentos que subsisten despois da guerra**.

Save the Children **gañou a reputación de organización competente** para levar a cabo grandes campañas de axuda alá onde fora necesario. As siglas S.C.F. xa eran coñecidas. Pero Eglantyne Jebb tamén experimentou que moitas das grandes operacións que acometera tan só foran posibles debido á enorme magnitude e visibilidade do problema. A resposta da xente parecía depender moitas veces das flutuacións dos sentimentos.

O traballo despois da emerxencia

Pero en épocas aparentemente calmadas continuaban as dificultades: nenos mal alimentados, enfermos, sen acceso o ensino, e o traballo infantil. Sen un gran desastre que concentrase a atención, que se podía facer? Foi isto o que a levou, un día, a redactar o contido da Declaración de Xenebra, que foi precursora do que hoxe é a Declaración dos Dereitos da Infancia.

A proclamación da Declaración de Xenebra reafirmou a Save the Children nas súas actividades de estudo e planificación a longo prazo, sen abandonar as accións de emerxencia.

A acción máis importante, como resultado inmediato da adopción da Carta dos Nenos pola Sociedade de Nacións, foi a decisión de Save the Children de **realizar un estudo a escala mundial sobre o benestar dos nenos**. Moitos países estaban desconectados uns dos outros e os seus problemas eran pouco coñecidos. Finalmente publicouse co título *The International Handbook of Child Care and Protection*. Este manual ofrecía unha guía para a tarefa de reconstrución social das nacións que se ían recuperando da guerra ou que empezaban a se desenvolver. Daba información exhaustiva sobre temas como o matrimonio e o divorcio, o benestar xeral do neno, educación, emprego, delincuencia etc. Fixéronse tres edicións en tres anos; e é destacable que se referira a todos os países do mundo, desde os Estados soberanos máis puxantes ata o máis pequeno dos existentes.

A Eglantyne Jebb quedábanlle poucos anos de vida. Deixou Save the Children estruturada non como un grupo de afeccionados ou pioneiros dun traballo que máis adiante debería incorporarse ó quefacer dos Estados, senón como **uns profesionais que traballaban cos gobernos, complementándoos e evitando duplicidades**, en todo aquilo no que puideran verse superados pola ampla gama de necesidades existentes.

Morreu en Xenebra o 17 de decembro de 1928 e foi enterrada no cemiterio de San Xurxo da cidade. **Será enterrada novamente en febreiro de 2024 nun cemiterio de Xenebra reservado para quen contribuíu á cidade e ó conxunto da humanidade**. O traslado o Cemiterio dos Reis é unha honra que só se outorga a aqueles que tiveron un impacto significativo na vida dos demais.